

Isto supón que Banca e Aseguradoras vexan transferidos gran parte dos nosos recursos públicos en pensións, que actualmente supoñen uns 120.000 millóns de euros, aos seus sistemas privados de pensións.

Isto supón instaurar o **TERROR** sobre a poboación, a cal non pode entender como temos máis de 6 millóns de persoas sen traballo, como temos salarios da maioría das persoas ocupadas por debaixo dos 800 euros e como teñen a desvergonza e inhumanidade de dicir que non existen cotizacións abondo e que os ingresos son insuficientes, cando eles e elas provocan este desastre.

Isto supón que millóns de persoas das xeracións que entraron ou deberan entrar ao mercado de traballo na década dos 90 do século pasado, e soportan taxas de desocupación de ata o 57%, **non van ter dereito a pensión contributiva**, por non ter anos abondo de cotización e pasarán á beneficencia ou pensión asistencial.

**HAI QUE PARALOS PORQUE
NOS QUEREN ROUBAR O FUTURO**

**POR UN SISTEMA PÚBLICO E SUFICIENTE
DE PENSIONS PARA TODAS E TODOS:**

**REPARTAMOS O TRABALLO
E REPARTAMOS A RIQUEZA**

 **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**
www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info

**Contra o roubo das pensións
Organízate e loita!**

Mariano, outro día
que chegamos tarde
ao traballo!



nin un paso atrás en dereitos sociais

 **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**
www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info

DEFENDAMOS AS PENSÍONS PÚBLICAS SUFICIENTES PARA TODAS E TODOS

Os sistemas de Seguridade Social representan un conxunto de medidas que adoptan os Estados para protexer a cidadanía fronte a diversos riscos: enfermidades, accidentes, invalidez, vellez, desemprego, **PENSIÓNS**.

SON POLÍTICAS SOCIAIS que se basean na concepción de protexer as persoas ante estados de necesidade, por exemplo, cando non temos traballo ou, cando remata o noso ciclo de traballo obrigatorio e nos xubilamos.

O compromiso político e xurídico destas políticas Sociais é **garantir** de xeito universal para todas as persoas, as súas **necesidades vitais** e a Lei así obriga: "... os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica á cidadanía durante a terceira idade... (Artigo 50 CE) **Este mandato constitucional obriga a todos os gobernos**, sexan do signo que sexan, a garantir que existirán recursos económicos abondo para que todo o mundo teña una **PENSION** axeitada en cada momento da súa vida.

Os poderes públicos teñen ingresos abondo a través dos impostos, porque a riqueza social que xeramos todas as persoas é cada vez maior, e os estados teñen capacidade xurídica e política para fixar de onde se recada, quen debe achegar máis en función dos seus ingresos e como gastar ese diñeiro para cumprir coa obriga de cubrir a necesidades vitais das persoas.

Polo tanto, que non che contan contos. AS PENSÍONS HAI QUE PAGALAS... e punto.

De que vai isto de recortar o dereito ás pensións suficientes para todos e todas?

Pois sinxelamente que este Goberno, ao igual que xa o fixo o Goberno do PSOE, como única resposta política á súa crise-estafa, decidiu recortar o gasto social ademais de en sanidade, educación, dependencia e investimento nos servizos públicos, agora en **PENSIÓNS**.

¿Por que esta brutalidade sobre as persoas pensionistas, cando máis do 50% dos 8,3 millóns de pensionistas reciben unha pensión mensual de menos do salario mínimo, é dicir 640 euros ao mes?

Porque o PP é o representante dos poderes reais: a banca (Santander, BBVA, La Caixa, Banco Popular, Bankia) e as Aseguradoras (que todas pertencen á banca e as grandes Empresas da construción, enerxía e telecomunicacións) é dicir, dos que xeraron unha das maiores estafas (eles chámanlle crise) dos últimos 70 anos e, o PP ao igual que anteriormente o PSOE, non ten ningún rubor en roubar á cidadanía máis de **45.000 millóns de euros** (recortes en sanidade, educación e dependencia) e **entregarllos á banca**.

Agora queren aínda máis. Todos estes recortes diminúen as pensións:

- **Xubilarse máis tarde** (aos 67 anos).
- **Penalizar as xubilacións anticipadas.**
- **Aumentar os anos de cotización reais**, ata os 37 anos, para poder ter dereito ao 100% da Base Reguladora.
- **Aumentar o período de cálculo da Base Reguladora**, sobre o que se calcula a pensión: dos 15 anos aos 25 anos.
- **Non revalorizar anualmente as pensións segundo o custo de vida** (o chamado Índice de revalorización)
- **Diminuír a pensión inicial en función da esperanza de vida das persoas** (o chamado factor de sostibilidade).

Isto supón que de aquí ao 2027, o estado (gobere quen governe), nos rouba a toda a cidadanía preto de 33.000 millóns de euros. Isto supón baixadas automáticas de todas pensións cada ano (Índice de revalorización anual, desligado do custo da vida) e perda de entre un 5% e un 20% inicial na pensión de cada nova persoa pensionista a partir do 2019 (Factor de Sostibilidade).

Isto supón unha **VIOLACIÓN** do dereito a pensións suficientes e axeitadas.